



AVENTURAS NO BOSQUE DE MARUXA, XAQUÍN E FUCO

Ilustracións de **BLANCA MILLÁN**

Os tres porquiños, **MARUXA**, **XAQUÍN** e **FUCO**,
creceron xuntos baixo a atenta mirada dos seus **PAIS**.
Ao facerse mozos, os tres imáns decidiron deixar a **GRANXA**
e emprender o seu propio camiño, buscando un lugar
onde vivir.



CARBALLO

PIÑEIRO



Entraron no **BOSQUE** e atoparon unha fermosa **FRAGA**,
un caudaloso **RÍO** e outros **ANIMAI**S.

O **XABARIN** converteuse no seu mellor amigo.
Botaban os días polas corredeiras,
comendo froitos das **ÁRBORES**, e cultivando a súa **HORTA**.

Pero o **LOBO** estaba vixiándoos, agardando o momento
para papar aos tres porquiños.



XAQUÍN decidiu construír a súa propia **CASA**. Recolleu **RAMAS** e **FOLLAS** no bosque e fixo unha acolledora casa. Era quente pola noite e fresca polo día, pero un pouco pequena para os tres irmáns.

Entón, **FUCO** decidiu ter a súa propia **CASA** feita de **PAPEL** que fixo a partires dos eucaliptos do bosque. A casa era grande, luminosa e moi moderna.

EUCALIPTO



SABUGUEIRO



MARUXA non quería ser menos, así que creou o seu fogar. Decidiuse pola **MADEIRA** de diferentes **ÁRBORES**. Fixo unhas táboas e construíu unha casa, integrada no bosque.



Unha noite veu o LOBO, púxose diante da casa de XAQUÍN e SOPROU e soprou ata que as ramas e as follas saíron voando. Xaquín fuxiu á casa de papel de Fuco.

O LOBO colleu un caldeiro de AUGA do río e mollouna, a casa quedou débil, soprou e soprou e a casa derribouse. Os dous irmáns correron á casa de MADEIRA de MARUXA.



O **LOBO** soprou, empurrou e mesmo lle tirou pedras pero a casa non caeu.

O lobo subiu ao **TELLADO** e tirouse polo oco da cheminea, sen decatarse de que os tres irmáns estaban cociñando. Queimado, o lobo **FUXIU** e nunca máis volveu.

CASTIÑEIRO

MOBLES

PLANTACION FORESTAL

PRÓXIMA CONS TRUC CLON

SOBREIRA

Os tres irmáns, viviron na casa de **MADEIRA** toda a súa vida, gozando da vida no **BOSQUE** con outros **ANIMAI**S.

Plantaron mais **ÁRBORES** para poder facer novas casas de madeira, obter alimentos, medicinas e un entorno **NATURAL** moito máis **SOSTIBLE**.



CARBALLO

Este conto foi elaborado por FEARMAGA dentro da iniciativa 'Arbores que dan vida', campaña de sensibilización que ten como obxectivo achegar a realidade do monte, a industria forestal galega e a importancia do consumo de madeira ás novas xeracións.

Desenvolvida con financiamento público, conta co apoio da Axencia da Industria Forestal, adscrita á Consellería de Economía, Emprego e Industria.



XUNTA
DE GALICIA



AXENCIA GALEGA
DA INDUSTRIA
FORESTAL

